

Resolución do 4 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se modifican as datas e os prazos para o desenvolvemento das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do COVID-19.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, no seu artigo 9.1, suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino recollidos no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o ensino universitario, así como calquera outra actividade educativa ou de formación impartida noutros centros públicos ou privados.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou a Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24). Para a aplicación da devandita norma básica por parte dos centros educativos no terceiro trimestre do curso 2019/2020, ditáronse as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. No punto 6.20 destas Instrucións, e en aplicación do establecido no sétimo apartado do anexo III.5 da precitada Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, indícase que quedan aprazadas ata a publicación dun novo calendario, en función da evolución da pandemia, as probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para maiores de dezaioito anos.

O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7 a flexibilización das medidas no ámbito educativo non universitario no suposto de acordarse a progresión á fase II ou posterior nunha determinada unidade territorial.

A Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería.



Tendo en conta o anterior e a Resolución do 24 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización (código de procedemento ED540A), e coa finalidade de que as persoas que superen as devanditas probas poidan obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria sen merma das súas posibilidades, é preciso ditar instrucións para o desenvolvemento das devanditas probas na situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19 e, na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto establecer unha nova a data de celebración e un novo prazo de matrícula para a primeira convocatoria das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos, así como as datas dos trámites administrativos necesarios para o seu desenvolvemento, que foron aprazados en aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e de formación previstas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Artigo 2. Data de celebración

A primeira convocatoria da proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos celebrárase o día 7 de setembro do 2020.

A celebración da proba realizarase nos termos establecidos na Resolución do 24 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

Artigo 3. Prazo de matrícula

O prazo de matrícula para a primeira convocatoria será do 1 ao 8 de xullo de 2020, ambos os dous incluídos.

A matrícula realizarase nos termos establecidos na Resolución do 24 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

Artigo 4. Publicación das cualificacións

O día 14 de setembro de 2020, no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal> farase pública a listaxe de cualificacións provisionais da primeira convocatoria.

A listaxe definitiva de cualificacións será publicada o día 22 de setembro de 2020 no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal>.



Artigo 5. Medidas de prevención

Durante a realización das probas respectaranse todas as medidas de prevención e hixiene recollidas no protocolo do Ministerio de Educación e Formación Profesional para a realización da avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) 2020, así como o establecido na Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería ou calquera outra medida establecida para os centros educativos.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2020.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

